



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



# CAMPIONATO AUTONÓMICO SALMÓNIDOS LANCE JUVENTUD COUTO DE PONTELIÑARES RIO LIÑARES

**07 de XULLO de 2019**

## PROGRAMA

09:00 horas	Concentración dos participantes no RESTAURANTE Río Liñares. Ponteliñares 7, Callobre, A Estrada. Sorteo de dorsais e entrega de documentación
10:00 “	Inicio da primeira manga.
13:00 “	Fin da primeira manga.
13:30 “	Concentración, entrega de plicas e xantar no RESTAURANTE Río Liñares
16,00 “	Inicio da segunda manga
19,00 “	Fin da segunda manga
19:30 “	Concentración, Entrega de plicas.

Feita e confirmada a clasificación, entrega de trofeos e peche da competición.

## BASES

- 1) O deportista, calquera que sexa a subespecialidade obxecto da competición, só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de reposto.
- 2) Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ó control, deberá facer uso dun redello ou trueiro, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 122 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.
- 3) A adxudicación dos tramos farase por sorteo, feito en tempo e forma, para garantir a chegada a tempo, para o inicio da proba, de tódolos deportistas ós seus respectivos tramos. Os postos marcaranse no sentido da corrente (augas abaixo).



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- 4) A reunión do Pescador co Control farase xunto á táboa que sinale o inicio do tramo, augas abaixo.
- 5) Material permitido:
  1. Canas. De uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).
  2. Carretes. De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria.
  3. Sedelas. Exclusivamente de monofiamiento nos seus diferentes tipos e grosos.

Non se permite:

Utilizar boias ou buldós deslizantes sobre a sedela ou baixo de liña. Terán que estar fitos á mesma.

O uso de canas e carretes tipo mosca.

Que os deportistas que participen nesta competición pesquen no escenario da proba nos 10 días anteriores á data de desenvolvemento da mesma.

Cebos (Só culleriñas e moscas artificiais):

- a) Culleriñas: xiratorias ou ondulantes simples en calquera das súas variantes e cun só anzol, pero sen plumas, pelos, la, etc.
  - b) Un máximo de tres moscas artificiais co uso da boia ou buldó (fitos na sedela ou baixo de liña)
  - c) Os anzóis, tanto das moscas como das culleriñas deberán estar desprovistos de arponciño ou semellante, ou ben telo totalmente inutilizado, de xeito que non fagan resistencia algunha á retirada do anzol.
- 6) Ó longo da proba, calquera control pode pedir o exame dos aparellos de pesca dun pescador.
  - 7) O deportista que non se presente, ou abandone a proba ou a acción de pesca, antes da hora oficial, perderá o seu dereito á clasificación e a continuar na proba.
  - 8) Para calquera outra norma non descrita anteriormente aterémonos ó regulamento da FEPYC.
  - 9) Serán capturas válidas as pezas de 16 cms. ou mais, medidas dende o extremo da boca ate a punta da cola.
  - 10) Data linde da inscrición o 4 de xullo de 2019 ás 14,00 h. As inscricións cómpre facelas ao correo [federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)
  - 11) Só poderán inscribirse deportistas menores de 18 anos.

**Coidar o medio ambiente é unha responsabilidade común. Ao remate da segunda manga, tanto pescadores coma controis, deben recoller tódolos materiais de sinalización dos tramos. Os materiais recollidos deben ser entregados á organización ou depositados no colector do lixo máis próximo.**

**Asinado: José Manuel Otero Vázquez  
Delegado da FGP en Ourense e Pontevedra.**